

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de sesión ordinaria da Comisión
de Calidade
3 de febreiro de 2016**

Asistentes:*Presidencia*

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaria

Susana Rodríguez Barcia

Membros da CC

Francisco José Ledo Lemos

Lourdes Lorenzo García

Joan Miquel Vergés

Ana María Pereira Rodríguez

Elena Sánchez Trigo

Elena Celsa Seoane Posse

Xosé Soto Andión

Eduardo Varela Bravo

Nuria Yáñez Bouza

*Desculpan*M^a Carmen Cabeza Pereiro

Xosé Henrique Costas

González

Xoan Montero Domínguez

José Montero Reguera

Ana Luna Alonso

Antonio Rifón Sánchez

Non asisten

Xosé Bieito Arias Freixedo

Inmaculada C. Báez Montero

Carmen Becerra Suárez

Miguel Cuevas Alonso

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 3 de febreiro de 2016 na Sala de Xuntas da Facultade

Ábrese a sesión ás 13:05h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o 14 de xaneiro de 2016.**

A Acta da reunión ordinaria da CC do 14 de xaneiro de 2016 apróbbase por asentimento.

2. Informe da Coordinadora de Calidade.

A Coordinadora de Calidade comenta que a data prevista para a próxima reunión da comisión de calidade na que se tratará da preparación da visita da ACSUG adíase, posiblemente, ata o 18 de febreiro co fin de favorecer á asistencia do Director da Área de Calidade, así como das coordinadoras e coordinador dos títulos que se someten a proceso de acreditación.

Infórmase sobre a incorporación da primeira bolsa de Calidade, que terá lugar o 10 de febreiro de 2016.

3. Discusión da proposta de reforma do Regulamento do TFG da FFT.

Sobre a versión proposta do Regulamento do TFG da FFT, no que se busca principalmente harmonizar a versión da FFT co “Regulamento para a realización de TFG da Universidade de Vigo”, os membros da comisión de calidade realizan precisións co fin de axustarse a este regulamento ao mesmo tempo que atender ás necesidades específicas da FFT.

Tras as diferentes intervencións dos membros da Comisión de Calidade, parecen detectarse algunhas cuestións que han de ser obxecto dunha reflexión máis profunda. Entre estes aspectos destacan a necesidade dun mecanismo regulador do conxunto de conflitos que a realización do TFG pode motivar. Neste sentido, Elena Sánchez Trigo propón a creación dunha “Comisión de TFG” que podería axilizar a resolución dos distintos problemas derivados do TFG. Pola complexidade e interese da proposta considérase que ha de ser valorada con independencia ao regulamento de TFG e que debe abordarse en reunións posteriores.

Outros temas de debate que suscita a redacción do Regulamento do TFG son a distribución equitativa de encargos de titorización de

TFG e de pertenza a comisión avaliadoras, así como de número de alumnado avaliado por cada comisión.

Finalmente, tamén se aborda outra problemática relacionada co interese que pode ter a exposición pública de TFG a través dos servizos bibliotecarios ou da Web da FFT e a cuestión da propiedade intelectual do TFG. Novamente, debido á complexidade do tema decídese que no regulamento conste unicamente o arquivado de TFG na Secretaría do Centro, pero posponse para unha reflexión posterior o tema da súa exposición pública.

4. Aprobación, se procede, da reforma do Regulamento do TFG da FFT.

Tras a reflexión e discusión das propostas de cambio, apróbase o Regulamento do TFG que se adxunta como anexo a esta acta.

5. Rolda aberta de intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15: 17 h.

Vigo, 3 de febreiro de 2016

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe


A Secretaria



Susana Rodríguez Barcia

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Calidade
celebrada o día 18 de febreiro de 2016

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoxía e Tradución



Susana Rodríguez Barcia

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN

Artigo 1. Obxecto

A presente normativa recolle as directrices xerais relativas á definición, elaboración, presentación, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos traballos de fin de grao.

Artigo 2. Definición do traballo de fin de grao

1. O traballo de fin de grao forma parte como módulo, materia ou disciplina do plano de estudos de todo título oficial de grao. No seu deseño debe preverse que a súa elaboración, avaliación e cualificación teñan lugar dentro do período previsto para realizar os estudos.

2. O traballo de fin de grao é un traballo persoal e orixinal que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación nesta ou noutra universidade, aínda que pode integrar ou desenvolver traballo feitos nas actividades doutras materias da titulación. No caso de que o traballo reproduza un texto publicado dixitalmente ou en formato tradicional, sen que o/a autor/a se faga eco desta circunstancia e o presente como propio e orixinal, considerarase como plaxio. O plaxio constituirá motivo de suspenso.

3. O feito de que o traballo de fin de grao sexa un labor persoal non exclúe que na FFT, excepcionalmente, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios/as estudantes, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global. Isto será autorizado polo profesorado titor. Neste caso o alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e poderá ter o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e avaliación serán individuais.

4. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de grao elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas persoas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencan, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente.

5. O traballo de fin de grao poderá elaborarse en institucións e empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Neste caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión.

6. O traballo de fin de grao terá a súa guía docente axeitada á normativa correspondente e única para cada titulación. As persoas responsables da materia serán as coordinadoras ou coordinadores dos graos. As persoas responsables de cubrir as actas serán as secretarías e secretarios das diferentes comisións avaliadoras.

Artigo 3. Matrícula do traballo de fin de grao

1. Para poder matricularse no traballo de fin de grao será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plano de estudos.

2. A matrícula do traballo de fin de grao realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de grao.
3. A matrícula do traballo de fin de grao dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se dean as condicións do punto 1 do presente artigo. Xa que o traballo de fin de grao é unha materia de 2º cuatrimestre, a avaliación terá lugar en maio/xuño (1ª edición das actas) e xullo (2ª edición) do ano académico correspondente. De un/ha estudante non superar a materia nese curso, poderá solicitar un adianto da avaliación para o 1º cuatrimestre do seguinte curso académico.
4. A validez da matrícula do traballo de fin de grao será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico.
5. No caso de que o/a estudante teña depositado o traballo no centro e conte co informe favorable do seu titor ou titora antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes, o/a estudante deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico.

Artigo 4. Titorización do traballo de fin de grao

1. Os traballos de fin de grao realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que exercerá as tarefas de titorización.
2. A titorización consistirá en supervisar e orientar a/o estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación, defensa e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e a defensa do mesmo.
3. Poderá actuar como titor/a calquera docente da FFT. Excepcionalmente, poderá actuar como titor/a calquera docente doutro centro da Universidade de Vigo, co visto e prace da coordinación da titulación ou do decano da FFT. Se a natureza do traballo de fin de grao o requirise, poderanse establecer equipos titoriais, tamén os formados por docentes da FFT e doutras facultades, que asumirán as tarefas de titorización nos termos que estableza a FFT.
4. Cando se dean casos de baixa prolongada da persoa titora ou finalizase a súa vinculación coa Universidade de Vigo, a FFT será a responsable da substitución do profesorado titor e establecerá os procedementos que sexan precisos.
5. Para garantir que a oferta de liñas e titoras/es sexa suficiente, todo o profesorado a tempo completo ten a obriga de ofrecer tres prazas (nunha mesma liña ou en diferentes liñas de traballo) de titorización e de dirixir os TFG que lle sexan asignados nesas liñas segundo a demanda. O profesorado a tempo parcial non ten obriga de dirixir TFG pero pode facelo voluntariamente. En caso de ser necesario, para poder atender ao número de matriculados/as na materia TFG, se lle poderá requirir a todo o profesorado a tempo parcial que titoricen Traballos Fin de Grao en proporción á docencia que teña asignada.
6. Non se establece un límite máximo de TFG que pode titorizar un docente de forma voluntaria; débese ter en conta, en todo caso, o número máximo de horas que a normativa permita recoñecer en concepto de titorización de TFG e TFM.
7. O profesorado ten a obriga de adicarlle ao alumnado de TFG como mínimo as horas de atendimento recoñecidas na “Normativa de recoñecementos docentes” aprobada anualmente polo Consello de Goberno.

Artigo 5. Asignacións da titorización e dos temas do traballo de fin de grao

1. Para o anterior, establécese o seguinte calendario:

Segunda semana de setembro. Data límite para a entrega, por parte dos departamentos, das liñas de traballo específicas para cada titulación, vinculadas ás materias que se ofrecen.

Última semana de setembro. Data límite para o alumnado presentar por rexistro o formulario coas súas preferencias de liñas de traballo, priorizadas.

Segunda semana de outubro. Data límite para o equipo decanal asignarlle ó alumnado unha liña de traballo e un/unha titor/a. O criterio de atribución (prelación) é a cualificación media do alumnado nas disciplinas xa cursadas no grao.

Terceira semana de outubro. Data límite para o alumnado solicitar, por motivos xustificadas, unha modificación da liña de traballo ou titor/a asignada, perante a Comisión de Calidade.

Cuarta semana de outubro. Data límite para publicar o listado definitivo da asignación de liñas de traballo e titorización.

2. Garantiráselle a todo o estudiantado matriculado no traballo de fin de grao a debida titorización.

3. A adxudicación da titorización e da temática para o traballo de fin de grao terá validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorrido este tempo terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.

4. O/A decano/a, en consulta coa coordinación do grao, resolverá os casos nos que o/a estudante solicite, por escrito e de xeito xustificado, un cambio na titorización ou na liña de traballo asignada. Igualmente, o/a decano/a resolverá aqueles casos nos que a persoa titora solicite o cambio de estudiantado ou de liñas ofertadas, tamén por escrito e de xeito xustificado.

Artigo 6. Presentación e defensa

1. As guías docentes da materia “Traballo de fin de grao” en cada titulación determinarán a extensión e as normas de estilo.

2. Cada traballo de fin de grao será presentado e defendido polo seu autor ou autora perante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.

3. A FFT publicará na web e nos taboleiros de anuncios a convocatoria de defensa pública de cada traballo na que deberá figurar o día, a hora e a sala.

4. Quince días antes da data oficial de defensa, o alumnado terá que presentar na secretaría do decanato tres copias en papel do seu traballo e unha copia electrónica.

5. Cada estudante solicitará a defensa do TFG unha vez recibido o informe favorable da persoa titora.

6. Excepcionalmente, a Xunta de Centro ou, de ser o caso, a comisión na que esta delegue, poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa titora, tras a petición formal e motivada polo/a estudante.

7. A defensa do traballo de fin de grao realizada polos/as estudantes será pública e presencial. Excepcionalmente, e tras a petición formal e motivada polo/a estudante e a persoa titora ou cotitora, a FFT poderá autorizar a defensa a distancia de xeito virtual, sempre e cando

concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.

8. A defensa consistirá nunha exposición dos aspectos principais do traballo durante un máximo de 10 minutos. O tribunal poderá debater co/a candidato/a sobre as cuestións que considere pertinentes durante outros 15 minutos en total.

9. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG.

10. A FFT verificará que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas aínda non se recepcionaran todas as actas, a secretaría do centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

Artigo 7. Avaliación e cualificación do traballo de fin de grao

1. A/o decana/o, tras consultar cos departamentos, nomeará as comisións que foren necesarias para avaliar o alumnado de cada grao. Recoméndase que ningunha comisión avalíe máis de 25 estudantes. A comisión estará constituída por tres persoas: presidente/a, secretario/a e vogal, con dous/dúas suplentes, que só actuarán en caso de necesidade

2. A/o decana/o fará o nomeamento das comisións avaliadoras a principios de cada curso académico, con validez por un ano académico. As comisións deberán actuar en cada unha das avaliacións de cada curso académico.

3. É obriga de todo o PDI a tempo completo formar parte das comisións. A comezos de cada curso académico os departamentos farán chegar as súas propostas de comisión ó centro.

4. O profesorado titor deberá entregar un informe de conformidade, no que figurará unha proposta de cualificación que terá un peso do 30% sobre a cualificación final.

5. O tribunal de avaliación asignado avaliará e cualificará cada traballo de fin de grao presentado e defendido, tendo en conta a documentación presentada por cada estudante, o informe da persoa titora e a defensa pública dos traballos. A cualificación proposta pola comisión terá un peso do 70% sobre a cualificación final.

6. O profesorado titor non pode formar parte da comisión avaliadora no momento en que se avalíe o traballo da persoa que titoriza e deberá ser substituído polo suplente. Porén, o titor ou titora poderá estar presente con dereito a voz no acto de defensa e nas deliberacións do tribunal de avaliación.

7. A cualificación final do tribunal e da persoa titora deberá ser numérica, de 0 a 10, con posibilidade de outorgar matrícula de honra (MH) nas condicións determinadas na normativa, e atenderá á calidade científica ou técnica do traballo presentado, a aspectos formais e á adquisición de contidos e competencias propias da titulación. Os criterios de avaliación quedarán recollidos na guía docente da materia.

8. No caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal de avaliación achegaralles ao/á estudante e á persoa titora un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación en vindeiras oportunidades.

9. Cada comisión cubrirá unha acta de cada defensa, na que fará constar a cualificación proposta, desglosada segundo figure en cada guía docente.

10. A entrega das actas dos traballos de fin de grao estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas fixados no calendario académico oficial en cada convocatoria e pola data de inicio administrativa de cada curso académico.

11. A custodia dos traballos de fin de grao, unha vez defendidos, correspóndelles o profesorado titor, tal e como se fai con outras probas de avaliación.

12. Todos os Traballos Fin de Grao serán arquivados en formato electrónico protexido na secretaría da FFT.

O presente *Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Filoloxía e Tradución* entrará en vigor no día seguinte da súa aprobación en Xunta de Facultade.

Dilixencia para facer constar que o presente *Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Filoloxía e Tradución* foi aprobado pola Comisión de Calidade o 3 de febreiro de 2016 e pola Xunta de Facultade o día XX de XX de 2016.

A Secretaria da FFT

M^a del Carmen Cabeza Pereiro